

QUIEN A HIERRO MATA

Paco Plaza, 2019

585

ESTREA EN NUMAX: 06.09.2019 | V.O. | +16

Quien a hierro mata (2019, 107')

Dirección: Paco Plaza

Guión: Juan Galiñanes, Jorge Guerricaechevarría

Elenco: Luis Tosar, María Vázquez, Tania Lamata, Ismael Martínez, Pablo Guisa Koestinger, Dani Currás, Marcos Javier Fernández Eimil, María Luisa Mayol, Víctor Duplá

Son: David Machado

Montaxe: David Gallart

Fotografía: Pablo Rosso

Dirección de arte: Javier Alvaríño

Vestuario: Vinyet Escobar

Música: Maika Makovski

Produtora: Vaca Films, Atresmedia Cine, Film Constellation, Playtime Production (España)

Distribuidora: Sony

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Verónica, 2017

Ultravioleta, 2014 [curtametraxe]

[•REC]3: *Génesis*, 2012

[•REC]2, 2009 [con Jaume Balagueró]

[•REC], 2007 [con Jaume Balagueró]

Romasanta, la caza de la bestia, 2004


El segundo nombre, 2002

SINOPSE

Nun pobo da costa galega vive Mario, un home exemplar. Na residencia de anciáns na que traballa como enfermeiro todos o teñen en estima. Cando o narco máis coñecido da zona, Antonio Padín, recén saído da cadea, ingresa na residencia, Mario trata de que Antonio se sinta como en casa. Agora, os dous fillos de Padín, Kike e Toño, están ao mando do negocio familiar. Pero un erro nunha operación leva a Kike á cadea, xerando unha gran débeda cun proveedor colombiano. Toño recurrirá ao doente para que tente convencer a seu pai de que asuma a débeda. Pero Mario ten os seus propios plans.

«Un thriller meticuloso, aditivo, que converte a maxistral posta en escena nun rito rigoroso no que todo fica á vista. Até o máis escuro dos abismos»

Luis Martínez. EL MUNDO



“A Luis Tosar haino que deixar traballar libre, como se fose Messi”

Entrevista con Paco Plaza

Por Víctor López G.

O plano inicial lembroume moito o de *Brawl in Cell Block 99* (S. Craig Zahler, 2017) pero en lugar dunha lata de cervexa rebentas un mexillón dunha labazada. Con este plano semella que nos estás a contar o que temos por diante... Sempre é un desafío atopar a imaxe final e a inicial dos filmes.

Dalgún xeito, a primeira ten que ser un titular e derradeira un compendio. Así é como me gusta pensar ou estruturar a posta en escena dos filmes. A imaxe do mexillón simboliza moitas cousas: é a violencia que racha o equilibrio, sitúate xeograficamete nun lugar e, sobre todo, é unha declaración de intencións para o espectador, dicirlle que o que vai ver vai estoupár diante dos seus ollos, algo moi violento vaino sacudir.

Neste caso a labazada tanto inicial coma final é tremenda e resume as lecturas que explora o filme sobre a familia e as herdanzas, ás veces indesexadas. Hai algunha inquedaanza persoal tras estes temas? O guión do filme propúxome Emma Lustres, de Vaca Films. Lino e cando cheguei á imaxe final fíquei en estado de shock e pensei que quería rodala. É moi difícil atopar un

filme cuxa imaxe final resuma tan ben a trama e o corazón do filme.

A película ten moitas imaxes símbolo elaboradas e evocadoras. Dá a sensación de ser un thriller coreano á galega. Totalmente, son un fanático do cinema coreano. Especialmente Park Chan-wook, pero tamén Bong Joon-ho ou Kim Ki-duk. O que máis me gusta de toda esta xeración de novos cineastas coreanos é como a súa aproximación aos filmes é máis poética ca narrativa. Por exemplo, en toda a triloxía da vinganza de Park, moi por riba da trama está a maneira en que explica a acción. Aí hai algo que se tentou aplicar neste filme que é como a cámara se move pola psicoloxía do personaxe máis que pola acción que está a relatar. É unha influencia moi confesa. A miña intención era que tivese o alento dos filmes coreanos, que é o pouco apego á trama e máis ao ton e a poesía das imaxes.

Segundo cos temas de imaxe, no filme hai momentos moi contidos e sobrios combinados con escenas moi libres e experimentais. Como traballastes o aspecto visual? Que directrices tiñades? Por unha banda temos o tratamento de cámara. Con Pablo [Rosso] falamos que os movementos de cámara seguisen a emoción e non a acción. Por iso hai intres nos que o travelling é estábel, sobre rodas e de achegamentos lentos, e noutros súper tolo e con cámara en man. Por outro lado, no aspecto fotográfico, como o filme relata esa viaxe da luz á escuridade, queríamos presentar a Luis co rostro bañado en luz, sen

ningunha sombra. A aparición do personaxe de Antonio vaille engadindo sombras no rostro. A cada volta o seu rostro é máis maltratado pola luz. Con Pablo traballamos unha premisa ben interesante: só podía haber un único punto de luz en cada escena. Isto complicoulle moito a vida, pero fixo que o traballo fose moi interesante.

A selección de Luis Tosar como protagonista foi automática? É increíble velo traballar, como consegue dar verdade a todo o que fai. Fun moi fan del durante e anos e traballar con el foi un privilexio.

Deixáballo moi libre? Moi libre. Isto é como Messi, se o tes non lle podes dicir que xoge na banda. Que estea por aí e faga das súas. Luis é un artista, é parte da elaboración do filme. Houbo un traballo previo de explorar o personaxe, de chegar a unha serie de acordos sobre como o víamos. Luis é un actor ultradisciplinado até extremos increíbeis e todo é moi doado con el.

Publicado en www.espinof.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

O director

Paco Plaza (Valencia, 1973) diplómase en Dirección Cinematográfica na ECAM. Iníciase como guionista, produtor e montador até que se especializa como director de filmes de terror, primeiro en Galicia con *Romasanta, la caza de la bestia* (2 nominacións aos Goya), e máis adiante coa exitosa *[•REC]*, coa que colleita 2 Goyas entre outros premios. En 2017, volve sorprenden coa inquietante *Verónica* nomeada a 7 Goyas e gañadora ao mellor deseño de son.

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



MARTA XA TEN O SEU ABONO PROTEXE

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenamax